

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA  
CORPORACIÓN MUNICIPAL EN PLENO DESTE CONCELLO O DÍA  
DOCE DE XULLO DE DOUS MIL DEZAOITO: - - - - -**

=====

**PRESIDENTE:**

D. Telmo Martín González

**CONCELLEIROS/AS:**

D. Juan Antonio Deza Otero  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Paz Lago Martínez  
D<sup>a</sup> María Deza Martínez  
D. Marcos Guisasola Padín  
D<sup>a</sup> Silvia Freire Fernández  
D. Alfonso Rea Pérez  
D. Gonzalo Gonzalo Pita  
D. José Daniel Fernández Piñeiro  
D. Jesús Joaquín Sueiro Méndez  
D. David Otero Domínguez  
D<sup>a</sup> Sandra Fernández Agraso  
D. Maximino González Miniño  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Coral González-Haba Pérez  
D<sup>a</sup> Vanessa Rodríguez Búa

**NON ASISTEN:**

D. Rafael Domínguez Piñeiro  
D. Roberto Carlos Agís Balboa

**INTERVENTOR:**

D. José-Juan Vidal Vilanova

**SECRETARIO :**

D. Angel Luis López Pita.

=====

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Sanxenxo, sendo as nove horas e trinta e cinco minutos do día doce de xullo dous mil dezaoto, **baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. TELMO MARTÍN GONZÁLEZ,** reuníronse os/as Sres/as. concelleiros/as que ao marxe se relacionan co fin de celebrar a sesión extraordinaria da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión.-----

-----  
-----  
-----  
-----  
-----  
-----  
-----  
-----  
-----  
-----

**1º) PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE FACENDA E PERSOAL PARA APROBACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL DO ANO 2018 NA RELACIÓN DE SUBVENCIONS NOMINATIVAS.** O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio do 06 de xullo de 2018 e da emenda presentada polo Grupo Municipal Popular ao ditame, que a continuación se transcribe literalmente:

**“PROPUESTA DE ENMIENDA DEL GRUPO MUNICIPAL POPULAR A LA APROBACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL DO ANO 2018 NA RELACIÓN DE SUBVENCIONS NOMINATIVAS.**

El concejal de hacienda y personal Marcos Guisasola Padín, propone al apartado 1 del orden del día de pleno ordinario de 12 de julio de 2018 para su consideración la siguiente:

**ENMIENDA DE ADICCIÓN** Añadir UN punto máis al apartado dispositivo primeiro del orden del día para a aprobación das bases de execución do orzamento municipal do ano 2018 na relación de subvencions nominativas engandindo ao listado de asociacion beneficiarias xa existente, a do Clube de Fútbol de Dorrón con una cantidade de 20.000 euros. En Sanxenxo, a 12 de Julio de 2018”.

O Sr. Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, explicou que no seu día non se transcribiu a subvención correspondente ao clube de futbol de Dorrón, polo que agora procedía esta emenda e que as subvencions nominativas están nas bases de execución do presuposto, polo que é necesaria a modificación das bases para poder concedelas ás entidades e asociacións que figuran na relación.

A Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita, indicou en primeiro lugar, que non encontraba explicación á urxencia deste pleno, cando podía esperarse á sesión ordinaria que se vai celebrar a finais deste mes. A interviniente dixo que este punto era unha mostra de como traballa o grupo de goberno, que vai dando tumbos, realizando varias modificacións ao presuposto e mesmo emendando as súas propias propostas, botando en falta que non se concedan subvencions a outras ANPAS, como a do Colexio de Nantes, indicando que as subvencions se podían dar desta maneira ou mediante concorrencia competitiva, con publicidade previa, como debían concederse, establecendo uns criterios, que agora non se saben. A interviniente estrañouse polas subvencions ás federacións galegas, que podían dispoñer doutros recursos, mentres que quedan fóra asociacións de Sanxenxo e, por ultimo, dixo que debería explicarse aos beneficiarios que aínda non poden contar cos cartos.

A Sra. Fernández Agraso, concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, incidiu en que as subvencions poden ser nominativas ou por concorrencia competitiva, con bases de concesión, matizando que mediante as subvencions fináncianse actividades promovidas por colectivos sen ánimo de lucro e que as nominativas só deberían concederse nos casos de interese social, xa que non se saben os criterios de outorgamento e son arbitrarias, destacando que nas incluídas na proposta quedan fóra catro ANPAS, que o 80% é para actividades deportivas e dentro destas, o 70% para o fútbol, mentres que se dedican 3.500 euros para actividades culturais e 14.000 euros para educativas, quedando claras as prioridades do equipo de goberno, parecéndolle surrealista financiar federacións galegas, o que era competencia da Xunta, mentres que asociacións municipais que están a facer unha gran labor, quedan fóra.

O **Sr. Guisasola Padín** indicou que a urxencia do pleno debíase á xestión que se está a facer, que van ter que realizar mais modificacións orzamentarias, porque o presuposto é dinámico e, que se é necesario facer mais plenos extraordinarios polas xestións que están a realizar, faranse. O interviniente aludiu a que a oposición actual, cando estaba no goberno, aprobou un presuposto que xa tiña subvencións nominativas, nas que estaban practicamente as mesmas asociacións que figuran nas bases de execución do presuposto en vigor. En canto ás entidades que constaban na proposta, explicou que se subvencionaba ás ANPAS con programas de conciliación familiar, matizou que algunhas subvencións, polas súas características, teñen que ser nominativas e preguntou con que subvención estaban en desacordo, unha por unha O interviniente, por último, dixo que o procedemento para aprobación desta proposta é o mesmo que para a aprobación dos presupostos, coa publicidade correspondente e que, posteriormente, se habilitará partida presupostaria para outorgalas.

A **Sra. Rodríguez Búa** reiterou a existencia de dúas formas de concesión de subvencións, nominativas ou por concorrencia competitiva, precisando que o sistema máis xusto é este último, non como se fai agora, xa que seguen sen explicar os criterios de outorgamento e sinalando que o que máis lle molesta son as asociacións que non están na relación, probablemente porque non sabían que podían estar, criticando novamente as outorgadas ás federacións galegas e indicándolle ao anterior interviniente que a publicidade se dá despois e non antes, como debería ser.

A **Sra. Fernández Agraso** despois de manifestar que dentro do 80% dedicado a deportes non incluíu a nova subvención ao club de fútbol de Dorrón, que nin sequera tiña equipos, dixo que lle parecía curioso que o concello outorgarse subvencións ás ANPAS para realización de actividades que lle fan competencia a un servizo municipal, como era o programa “Paifillonai”, onde os pais pagan o 100% do servizo, o que lle parece raro, finalizando a súa exposición para indicar que deben ir dotando de orzamento as partidas, porque esta proposta vai chegar a todas as asociacións.

A **Sra. Freire Fernández, concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular**, explicou que o programa “Paifillonai” baixaba por primeira vez os prezos, incluíndo as comidas, que non se ten pensado eliminar, engadindo que este tipo de actuacións tamén se fan a través de ANPAS noutros concellos, como o de Pontevedra, rematando para dicir que este ano se cumpren os prazos do programa, sen participación de dous empregados municipais como outros anos, o que permite a súa liberación para dedicarse a outras labores, manténdose o mesmo programa e parecéndolle xustas ás subvencións que se conceden ás ANPAS pola realización de programas de conciliación familiar.

O **Sr. Guisasola Padín** manifestou que, nas bases de execución do presuposto de 2017, había 41 asociacións e que se crían que se podían incluír outras asociacións, podían presentar outras emendas e non o fixeron.

A **Sra. Fernández Agraso** precisou que en Pontevedra o programa realízase a través da federación de ANPAS e non como aquí, mediante contactos individuais.

O **Sr. Presidente** dixo que as críticas lle parecían sen sentido, posto que todos van votar a favor, especificando que a existencia de tantos plenos extraordinarios significa que hai xestión no concello e, en canto ás subvencións aos clubs de fútbol, hai que recoñecer que unha gran cantidade de nenos e nenas se dedican a este deporte.

Ao non se producir mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a proposta, coa emenda, a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

**Votos a favor: 10 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal).**

**Votos en contra: 0.**

**Votos pola Abstención: 5 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, Grupo Municipal Mixto e Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita).**

En consecuencia, **a proposta de acordo, coa emenda incorporada, resultou aprobada pola maioría absoluta dos membros de dereito da Corporación, adoptándose o seguinte acordo:**

**“PRIMEIRO:** Incluir nas bases de execución do orzamento a seguinte relación de subvencións nominativas:

Club de Piragüismo de Portonovo	10.000,00 euros
Club de Fútbol de Villalonga	50.000,00 euros
Club de Fútbol de Dorrón	20.000 euros
Club Corbelo	10.000,00 euros
Comisión de Festas Santo Tomé de Gondar	20.000,00 euros
Club de fútbol de Portonovo	10.000,00 euros
Circulo Cultural e Deportivo Sanxenxo	8.000,00 euros
Club de fútbol Noalla S.D	10.000,00 euros
Club Xuventude Sanxenxo	20.000,00 euros
Asociación Neen@s Sanxenxo	6.000,00 euros
Club Rítmica Salnés	3.000,00 euros
Viajes Interrías F.F	3.000,00 euros
Escola de Fútbol Sport 2017 S.D.	2.000,00 euros
Asociación amigos da dorna-Portonovo:	1.000,00 euros
Federación galega de judo:	1.200,00 euros
Federación galega de ciclismo:	12.000,00 euros
Foro Galicia milenio de pensamento e opinión:	3.500,00 euros
ANPA de Cruceiro-Vilalonga	2.000,00 euros
ANPA de Telleiro-Noalla	2.000,00 euros
ANPA de Florida-Sanxenxo	2.000,00 euros
ANPA de Magaláns-Dorrón	2.000,00 euros

**SEGUNDO:** A modificación desta base requirirá os mesmos requisitos que os previstos para a aprobación definitiva dos orzamentos segundo o artigo 165 e seguintes do R.D.L., 2/2004 de 5 de marzo.”-----

O **Sr. Presidente** desculpou a ausencia dos concelleiros **Sr. Domínguez Piñeiro** e **Sr. Agís Balboa** por atoparse ausentes do municipio.

**2º) PROPOSTA DO CONCELEIRO DE FACENDA E PERSOAL PARA APROBACIÓN INICIAL Nº 2/2018 DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO ENTRE APLICACIÓN DE DIFERENTES ÁREAS DE GASTO PARA O FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL DO “PROXECTO DE MARQUESIÑAS NO CENTRO DE DÍA”.** O **Sr. Secretario** dá conta do ditame favorable da **Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio** do **06 de xullo de 2018**.

O **Sr. Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, explicou que existía unha subvención concedida para a execución desta obra e necesítase dotar a partida correspondente á achega municipal, sendo urxente polos prazos para executar a obra.

A **Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita**, preguntou se a transferencia era necesaria porque a subvención concedese ao concello para unha actividade de “Terra”, agardando que se non é así, que llo explicasen.

A **Sra. Fernández Agraso, concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, criticou que no seu día non se dotase ao centro de día dunha marquesiña, estando previsto na etapa do anterior goberno un proxecto que a contemplaba, xunto con outros arranxos, engadindo que votarian a favor da proposta.

Ao **Sr. Guisasola Padín** sorprendeulle que á **Sra. Rodríguez Búa** non coñeza este proxecto, xa que estaba no goberno municipal anterior, aclarando que a subvención a pediu o concello porque é o propietario, correspondéndolle a xestión a “Terra”, finalizando a súa intervención para dicir que a subvención a solicitou este goberno.

A **Sra. Rodríguez Búa** precisou que non dixo que non coñecía o proxecto e que evitaron explicar de onde saía o diñeiro para financiarlo.

O **Sr. Presidente** contestou que procedía dos impostos dos veciños de Snnxenxo.

A **Sra. Fernández Agraso** indicou que para pedir unha subvención hai que estar no goberno municipal, polo tanto só limitáronse a facer o seu traballo e, respecto da procedencia do diñeiro para facer esta obra, dixo que o normal sería o cambio dos dous primeiros puntos do pleno.

Ao non se producir mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

**Votos a favor: 13 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).**

**Votos en contra: 0.**

**Votos pola Abstención: 2 (Grupo Municipal Mixto e Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita).**

En consecuencia, a **proposta de acordo resultou aprobada pola maioría absoluta dos membros de dereito da Corporación, adoptándose o seguinte acordo:**

**“PRIMEIRO:** Aprobar inicialmente unha modificación de créditos por transferencia de crédito entre diferentes áreas de gasto nº 2/2018, por importe de 30.697,41 euros, sendo a aplicación cedente a 15101 60001 e a aplicación que recepciona a 23111 62300, para a obra de proxecto de marquesiña no centro de día.

**SEGUNDO:** Está suxeita aos mesmos trámites que os previstos para a aprobación dos orzamentos, segundo o artigo 168 e seguintes do R.D. L. 2/2004 do 05 de marzo, e condicionada a que a finalidade da aplicación cedente quede liberada neste exercicio.”-----

**3º) PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE FACENDA E PERSOAL PARA APROBACIÓN DO MEDIO DE PAGAMENTO DO XUSTIPREZO DA EXPROPIACIÓN URBANÍSTICA, CANDO SEXA ESIXIBLE, MEDIANTE ENDEBEDAMENTO E EXERCIZO DE ACCIÓNS XUDICIAIS CIVÍS, SEGUNDO INFORME XURÍDICO. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio do 06 de xullo de 2018.**

O Sr. Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, dixo que no seu momento déronse varias opcións para o pago, entre as que está a do endebedamento, pola que se opta, engadindo que o exercicio de accións civís é importante, porque xa nos informes indícase que se debía actuar o máis axiña posible, precisando que neste momento non é esixible o pago.

A Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita, destacou que lidos os informes xurídicos non chegaba á mesma conclusión que o anterior interveniente, indicando que existían dúas cuestións neste punto, o pago e o exercicio das accións civís e, referíndose a esta última, explicou que había unha parcela de 1.700 metros cadrados e, á parte, os 1.200 metros destinados a viais e que o Tribunal Supremo indicou que se debería incluír esta última superficie na expropiación, engadindo que no informe figura que, para o exercicio da demanda, debe acreditarse previamente, mediante certificación municipal, que a parcela esgotou o aproveitamento urbanístico coas sucesivas licenzas concedidas aos propietarios e, no expediente, non consta esa certificación, manifestando que, en cambio, o concello cobra o IBI e pedíuselle aos particulares que limpasen as parcelas e, que a teoría do esgotamento do aproveitamento, xa foi defendida no seu día e non foi atendida polo Tribunal Supremo. A concelleira no uso da palabra aludiu a que, sen esas certificacións, era moi temerario dicir que merecía a pena ir á vía civil, por canto o custo en caso de perda, por costas, podía ascender a case medio millón de euros.

O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, dixo que no seu momento non se determinou a forma de pago, polo que tiña que tomarse a decisión e se vai empregar a técnica do Sr. Martín González de deixar para o futuro a solución dos problemas que xera, sinalando no apartado xudicial, que non ve xustificado o optimismo, indicando que xa no seu día, os particulares fixeron unhas peticións desmesuradas, preguntando se o concello é capaz de xustificar que istos viais xa eran municipais, tratándose dun tema

complexo e aludindo a que un dos ditames correspondía a un bufete que defendeu asuntos persoais do alcalde en Navia e perdeunos. Finalmente o concelleiro interviniente dixo que no seu día houbo a posibilidade de actuar doutra maneira e vostedes non o fixeron, dubidando que agora se poda xustificar en via civil o que non se puido conseguir na vía contenciosa administrativa.

O **Sr. Guisasola Padín** manifestou que a proposta se baseaba nos tres informes que había no expediente e que era de sentido común que os viais fosen publicos, xa que senón os particulares non podían ter licenza e precisou que agora xa se está a traballar e trasladouse documentación aos letrados, preguntando aos concelleiros que interviron anteriormente se defenden os intereses do concello ou os da familia Rocafort, xa que debía pelexarse ata o final. Polo que respecta ao pago había tres opcións e sempre dixo que a súa posición era ir ao crédito, parecéndolle que o único que lle molestaba á oposición, era que se liberasen os cartos para os veciños de Sanxenxo, finalizando a súa alocución para indicar que os particulares reclamaron do concello 47 millóns e iso non se dixo, así como que, no seu día, debeu recorrerse polo concello ante o Tribunal Supremo, a sentenza do TSXG e que, no seu momento, en compañía da concelleira Sra. Deza Martínez e dun funcionario deste concello, tiveron unha reunión cun avogado, na que se informou dunha posible solución, que se trasladou a quen se debía e decidiu non actuar nese sentido.

A **Sra. Rodríguez Búa** puntualizou que no propio informe alúdese a que deberían incorporarse unhas certificacións, polo que a información dada no seu día non era suficiente e que ela non di que non se teña que ir a un preito, senón que hai que ter primeiro estos datos, porque o concello está a arriscarse a un prexuízo de medio millón de euros en costas procesuais, polo que anunciou a súa abstención neste punto e que o importante parecía que era liberar o diñeiro para comprar vontades, rematando para dicir que o comentado no anterior punto respecto da orixe do diñeiro, era porque procedía do que se pretendía liberar agora.

O **Sr. Otero Domínguez** preguntou ao Sr. Guisasols Padín sobre o informe ao que aludiu ao remate da súa intervención anterior, concretamente que se fixo con ese informe que daba esa solución e se constaba no concello, parecéndolle bochornoso que, se se tivese unha solución, non se aportase, que isto supoñía renegar dunha etapa pasada e dubidou de que o que non se puido acreditar na vía contenciosa, pódase acreditar na vía civil, contando con esta sentenza do Tribunal Supremo, que era un mal precedente. O interviniente indicou que no seu día, o PP elixiu a solución mais complicada e que non se puido recorrer ao Tribunal Supremo por razón da contía, aínda que o concello estivo persoado no recurso, finalizando a súa intervención para dicir que ía pedir copia do informe aludido polo Sr. Guissola Padín e que, o que non fixo o que tiña que facer no seu día con estas parcelas, foi o PP, con outra solución habería que pagar, pero estas cantidades nunca.

O **Sr. Guisasola Padín** preguntouse de onde sacou a Sra. Rodriguez Búa o custo dos 500.000 euros e explicou que o que lle informaron foron unas directrices, que se expuxeron ante quen debía e non se aceptaron, resaltando que a orixe do problema viña dos anos 80 e 90 e o único que fixo o Sr. Martín González foi intentar solucionalo, cando na época do goberno do PSOE en Sanxenxo, do 93 ao 99, non se fixo nada, recalando que parecía que o que mais lle fastidia a oposición é que se liberen 900.000 euros, cando isto xa se ía a conseguir igual ao acudir ao crédito.

A **Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular**, en primeiro lugar indicou que o dito polo Sr. Guisasola Padín sobre a reunión era certo e, a continuación, explicou que a zona verde tentouse adscribir a outro solo, o que non prosperou, e que, cando se iniciou este procedemento, se inadmitiu por cuestións do prazo, o que xa se discutiu, tamén, nos tribunais, xunto co prezo, precisando que xa no Xurado de Expropiación de Galicia, o concello defendeu que os viais eran públicos e así o entendeu este xurado, aínda que lembrou que, cando se concederon as licenzas, a forma de actuar naqueles anos era distinta da que se segue agora, pero que o que se informa nos ditames é a existencia dunha realidade rexistral, diferente da extra rexistral, polo que se debe actuar pola vía xudicial. Por último indicou que o Tribunal Supremo, na sentenza, fallou que se debía incluír na valoración a superficie dos viais e o auto aclaratorio que había unhas cantidades que xa se debían, aínda que se vai a recorrer en amparo, sen eludir responsabilidades, porque desde o inicio do procedemento, defendeuse o carácter municipal dos viais.

O **Sr. Presidente** destacou que lle parecía unha immoralidade relacionar a un determinado bufete co Concello de Sanxenxo, xa que antes de súa chegada á Alcaldía, traballaba con este concello. A continuación o interviniente aludiu a que a mellor forma do pago era de golpe, a través do endebedamento, o que ao mellor non lle gustaba a familia Rocafort, ase mesmo, aínda que podía ser cuestión de interpretación, cría que se puido interpoñer recurso ante o Tribunal Supremo, por entender que a contía era de 47 millóns e que, aínda que respecta a sentenza do Tribunal Supremo, non a comparte e menos a aclaración, xa que a sentenza dicía que se volvía ao inicio con todo e, coa aclaración, que había que pagar os tres millóns de euros. Á vista do anteriormente citado, empezouse a revisar documentación e a loitar para non ter que pagar estas cantidades, polo que haberá que acudir á vía civil e, se no seu caso, dan a razón ao concello, terán que devolver o diñeiro. Finalmente dixo, referente ao custo de medio millón de euros do importe de costas e avogados, que o preito actual tiña unha contía moi superior e seguro que se vai pagar unha cantidade moito menor que estas cifras.

Ao non se producir mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

**Votos a favor: 10 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal).**

**Votos en contra: 0.**

**Votos pola Abstención: 5 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, Grupo Municipal Míxto e Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita).**

En consecuencia, **a proposta de acordo resultou aprobada pola maioría absoluta dos membros de dereito da Corporación, adoptándose o seguinte acordo:**

**“PRIMEIRO:** O medio de pagamento do xustiprezo da expropiación, cando sexa esixible, será pola modalidade de endebedamento á que se refire o apartado A) desta proposta, así como, que se proceda ao exercicio de accións xudiciais civís, como consta no informe xurídico que figura no expediente.”-----



Sendo as once horas e tres minutos, auséntase temporalmente da sesión o **Sr. Otero Domínguez**.

**4º) PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE FACENDA E PERSOAL PARA ALTERACIÓN DAS PORCENTAXES DE GASTO DE PROXECTOS DO “PLAN CONCELLOS 2018”, ENTRE AS ANUALIDADES DE 2018 E 2019, SEGUNDO O ARTIGO 174 DO RDL 2/2004, DE 5 DE MARZO.** O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da **Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio** do **06 de xullo de 2018**.

O **Sr. Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, indicou que desde a Deputación sinalaron, respecto da solicitude de subvención, que para a concesión era necesario o incremento de porcentaxes mediante acordo plenario, tendo en conta que as cantidades eran as mesmas.

A **Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita**, sinalou que mediante este acordo eméndábanse defectos da solicitude de subvención e a continuación aclarou, respecto do punto anterior, que ela se refería ás costas procesuais procedentes do custo dos avogados da outra parte.

Ao non se producir mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

**Votos a favor: 11 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal e Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita).**

**Votos en contra: 0.**

**Votos pola Abstención: 3 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Grupo Municipal Mixto).**

En consecuencia, **a proposta de acordo resultou aprobada pola maioría absoluta dos membros de dereito da Corporación, adoptándose o seguinte acordo:**

**“PRIMEIRO:** Manter a distribución do gasto das obras a incluír no Plan Concellos 2018-2019, solicitadas mediante acordo plenario de 04.04.2018, elevando a porcentaxe segundo o previsto no cadro que se achega, facendo uso das facultades enunciadas no artigo 174.5 do R.D.L. 2/2004 do 5 de marzo:

OBRAS	SUBV. SOLICITADA	ANO 2018	ANO 2019
RENOVACION FIRME VIAIS: CAMIÑO SALINAS (NOALLA) E CAMIÑO COSTIÑA (VILALONGA) A FONTE DE ONS	131.766,24 €	76.535,98 €	55.230,26 €
INSTALACIÓN COLECTOR SANEAMENTO AUGAS RESIDUAIS E TUBERÍA ABAST. AGUA (OUTEIRO, RICARDO SANTOS, QUINTÁNS)	193.390,51 €	104.890,39 €	88.500,12 €
REFORMA INTEGRAL ZONA DEPORTIVA PARQUE MUNICIPAL ESPÍNEIRO (PORTONOVO)	126.000,00 €	65.520,00 €	60.480,00 €

<b>OBRAS</b>	<b>SUBV. SOLICITADA</b>	<b>ANO 2018</b>	<b>ANO 2019</b>
ADECUACIÓN DE EDIFICIO PARA CENTRO SOCIOCULTURAL-CASA PRIORATO	185.320,11 €	101.926,06 €	83.394,05 €
ADECUACIÓN DE EDIFICACIÓN E PARCELA CASA DON FERNANDO Á NORMATIVA DE ACCESIBILIDADE PARA CASA DA XUVENTUDE	134.053,06 €	69.805,51 €	64.247,55 €
<b>SUBMINISTROS</b>			
SUBMINISTRACIÓN MARQUESINAS PARADAS AUTOBÚS	102.874,20 €	55.393,80 €	47.480,40 €

<b>OBRAS</b>	<b>SUBV. SOLICITADA</b>	<b>ANO 2018</b>	<b>% SOBRE TOTAL</b>	<b>ANO 2019</b>	<b>% SOBRE ANO 2018</b>	<b>% SOBRE TOTAL</b>
RENOVACION FIRME VIAIS: CAMIÑO SALINAS (NOALLA) E CAMIÑO COSTIÑA (VILALONGA) A FONTE DE ONS	131.766,24 €	76.535,98 €	58,08 %	55.230,26 €	72,16 %	41,92 %
INSTALACIÓN COLECTOR SANEAMENTO AUGAS RESIDUAIS E TUBERÍA ABAST. AGUA (OUIRO, RICARDO SANTOS, QUINTÁNS)	193.390,51 €	104.890,39 €	54,24 %	88.500,12 €	84,37 %	45,76 %
REFORMA INTEGRAL ZONA DEPORTIVA PARQUE MUNICIPAL ESPIÑEIRO (PORTONOVO)	126.000,00 €	65.520,00 €	52 %	60.480,00 €	92,31 %	48 %
ADECUACIÓN DE EDIFICIO PARA O CENTRO SOCIOCULTURAL-CASA PRIORATO	185.320,11 €	101.926,06 €	55 %	83.394,05 €	81,82 %	45 %
ADECUACIÓN DE EDIFICACIÓN E PARCELA CASA DON FERNANDO Á NORMATIVA DE ACCESIBILIDADE PARA CASA DA XUVENTUDE	134.053,06 €	69.805,51 €	52,07 %	64.247,55 €	92,04 %	47,93 %
<b>SUBMINISTROS</b>						
SUBMINISTRACIÓN MARQUESINAS PARADAS AUTOBÚS	102.874,20 €	55.393,80 €	53,85 %	47.480,40 €	85,71 %	46,15 %

Sendo as once horas e sete minutos, reincorpórase á sesión o **Sr. Otero Domínguez**.

**5º) PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA PARA APROBACIÓN DO “I ACORDO REGULADOR DO PERSOAL FUNCIONARIO AO SERVIZO DO CONCELLO DE SANXENXO E DO ORGANISMO AUTONOMO “TERRA DE SANXENXO”. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Asuntos Xerais do 06 de xullo de 2018.**

O **Sr. Presidente** expuxo que dado que este punto e o seguinte tiñan un contido similar, o debate ía ser o mesmo, aínda que con votación distinta para cada un deles.

O **Sr. Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, lembrou que levaban mais dun ano negociando este convenio e que, unha vez chegado ao acordo cos sindicatos, traíase a esta sesión para que entre en vigor canto antes, despois de 12 anos, dando as grazas a todos os representantes sindicais e aos que participaron neste procedemento e, en especial, a D. Carlos Granjel.

A **Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita**, dixo que estes acordos supoñían un fito importante e explicou que, na súa etapa de concelleira de persoal, foi a que promoveu as negociacións, cando nos dez anteriores anos do goberno do PP non se fixo nada, pero era unha necesidade para resolver a incerteza na que se atopaban as relacións co persoal do concello, lamentando que se tardase tanto, pola negativa no seu día de CC.OO. a participar na negociación e levantarse da mesa, coa xustificación de que non se incluía a negociación de “Nauta”, que agora, tampouco se inclúe e se participou na negociación, xa co actual goberno, rematando a súa intervención para indicar que votará a favor da proposta.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, destacou que había un acordo coas distintas organizacións sindicais e non tiña nada que obxectar pero se reafirmaba no dito pola anterior concelleira respecto da actuación de CC.OO., que por certo parece que nunca se levanta das negociacións de concellos gobernados polo PP. O interveniente proseguíu dicindo que había boa vontade dos restantes sindicatos e que, senón fose pola actitude do sindicato citado, o asunto podía haberse resolto antes, co anterior goberno.

O **Sr. Guisasola Padín** lembrou a súa vez que xa o anterior convenio aprobado foi co PP no goberno e destacou que había que falar para negociar e ser un político creíble, engadindo que o acordo custou mais dun ano, agradecendo o apoio á proposta.

A **Sra. Rodríguez Búa** sinalou que os datos falan por se sós, CC.OO. non quería negociar porque non se incluía “Nauta” e agora segue sen incluírse e negociou.

O **Sr. Otero Domínguez** preguntou onde estaba “Nauta”, lamentando a política de desgaste dun goberno, feita por un axente exterior.

O **Sr. Guisasola Padín** indicou que se acordou cos sindicatos a negociación de “Nauta”, que xa estaba a punto de resolverse.

O **Sr. Presidente** agradeceu o traballo realizado, considerando os acordos positivos para todos.

Ao non se producir mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

**Votos a favor: 14 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita).**

**Votos en contra: 0.**

**Abstencións: 1 (Grupo Municipal Mixto).**

En consecuencia, a **proposta de acordo resultou aprobada pola maioría absoluta dos membros de dereito da Corporación, adoptándose o seguinte acordo:**

**PRIMEIRO:** aprobar o **“I ACORDO REGULADOR DO PERSOAL FUNCIONARIO AO SERVIZO DO CONCELLO DE SANXENXO E DO ORGANISMO AUTONOMO “TERRA DE SANXENXO”**, que consta de 82 artigos e catro cláusulas adicionais.

**SEGUNDO:** ordenar que se realice a publicación nos diarios oficiais”-----

**6º) PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA PARA APROBACIÓN DO “CONVENIO COLECTIVO DO PERSOAL AO SERVIZO DO CONCELLO DE SANXENXO E DO ORGANISMO AUTONOMO “TERRA DE SANXENXO”.** O **Sr. Secretario** dá conta do ditame favorable da **Comisión de Asuntos Xerais do 06 de xullo de 2018.**

Ao non se producir intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

**Votos a favor: 14 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita).**

**Votos en contra: 0.**

**Abstencións: 1 (Grupo Municipal Mixto).**

En consecuencia, a **proposta de acordo resultou aprobada pola maioría absoluta dos membros de dereito da Corporación, adoptándose o seguinte acordo:**

**PRIMEIRO:** aprobar o **“CONVENIO COLECTIVO DO PERSOAL AO SERVIZO DO CONCELLO DE SANXENXO E DO ORGANISMO AUTONOMO “TERRA DE SANXENXO”**, que consta de 82 artigos e catro cláusulas adicionais.

**SEGUNDO:** ordenar que se realicen os tramites oportunos diante da autoridade laboral e a publicación nos diarios oficiais. o de 2018.”-----

E non habendo mais asuntos dos que tratar, o **Sr. Presidente** dá por finalizada a sesión, sendo as once horas e vinte e tres minutos, de todo o que eu, como **Secretario, DOU FE**: